- Pola señora Canal Gómez formúlanse unha pregunta sobre a razón de que o Concello non se adherira á "semana blanca" a pesar de que participaron nenos de Redondela.

O Alcalde dí que ás veces non participan en certos programas de Deputación Provincial porque non están de acordo en que con diñeiro público se subvencionen certas cousas como as viaxes dunha persona que ten oitenta millóns no banco.

- Polo señor Pérez Pardo formúlanse unha pregunta s/ o estado das obras da estrada de Catapeixe.

O concelleiro de Vías e Obras dílle que se están a rematar próximamente.

Pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinte horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 35 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1483518 ata a volta do folio núm. 45 Serie A nº 1483528, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA

16 - MARZO - 2007

ORDE DO DIA

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DO ACTA DA SESIÓN CORRESPONDENTE AO 22 DE FEBREIRO DE 2007.
2. DAR CONTA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS
3. RENUNCIA DE DOUS CONCELLEIROS DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR.
4. ADOPCIÓN DE ACORDOS S/DESTINO ALLEAMENTO DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas do día dezaséis de marzo de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO , Dª. PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PÉREZ ORXE, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ e D. MANUEL PÉREZ PARDO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a xeral da Corporación ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asisten, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as concelleiros/as, Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO D. JAIME DARRIBA VILAS, Dª. Mª DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, , D. ANTÓN DÍAZ MOURELLE, D. FERMÍN ALFAYA PAZ, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, D. RODOLFO PATO GARCIA.

INCIDENCIAS.-

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Dada conta da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo pleno do Concello o pasado día 22 de febreiro polo concelleiro señor Pérez Pardo considerase necesario precisar que na sua intervención relativa ao punto 7 dos da orde do día en relación á concesión do servizo do lixo cando afirma que "lle asombra a postura da voceira do PP " debe engadirse "que estaba presente na mesa de contratación". Igualmente suliña un erro no seus apelidos no apartado de Rogos e Preguntas.

O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, acorda prestar aprobación a citada acta coas rectificacións propostas polo representante de EU.

2.-DAR CONTA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS

Polo Alcalde dase conta de que para os efectos do previsto no artigo 10.1.1.a) da orde do 31 de xaneiro pasado relativa á concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede a súa convocatoria, cómpre que polo pleno do Concello se tome coñecemento do contido da petición de subvención formulada polo Alcalde en data 8 de marzo do ano que andamos

A Corporación queda enterada

3.RENUNCIA DE DOUS CONCELLEIROS DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR.

Para os efectos do estabelecido no artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publicado no BOE do 22 de decembro, faise efectiva ante o pleno do Concello a renuncia aos seus postos de concelleiros presentada por escrito por D. ANTON DIAZ MOURELLE e DNA MªCARMEN AMOEDO DASILVA en datas 23 e 27 de febreiro, respectivamente.

A corporación toma coñecemento das citadas dimisións, debendo o Concello dirixirse á Xunta Electoral para o nomeamento dos dous novos concelleiros pertencentes á candidatura do Partido Popular das últimas eleccións municipais.

4. ADOPCIÓN DE ACORDOS S/DESTINO ALLEAMENTO DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO

Vista a proposta do Presidente da comisión de Economia e Facenda e Patrimonio que, transcrita, dí:

"Vista a proposta da Alcaldía de data 13.03.07 que transcrita di:

Visto o acordo adoptado polo Concello Pleno o día 05.02.07 referido á adxudicación do alleamento dunha parcela do patrimonio municipal do solo do Concello de Redondela, sita na rúa dos Eidos, por importe

de 137.244,90 euros (máis IVA).

Tendo en conta que o Concello de Redondela deberá asignar o destino dos ingresos procedentes do alleamento citado, para algunha das finalidades indicadas no artigo 177.1 da Lei 3/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Votación e dictame:

A Comisión informativa de economia, facenda e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PsdeG-PSOE (3), do BNG (2) e do Grupo Mixto (1), e a abstención do Grupo Municipal do PP (1), dictaminou favorablemente a Proposta da Alcaldía antes citada, e na súa consecuencia estimou oportuno propoñer ao Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.-

Asignar como destino parcial, dos ingresos procedentes da enaxenación dunha parcela do patrimonio municipal do solo do Concello de Redondela, sita na rúa dos Eidos, os seguintes

Destino	**Euros**
Terreos para área recreativa en Reboreda.....	15.000,00
Terreos para camiño en Reboreda	6.000,00
Deputación provincial: Áreas infantís	13.420,00

Segundo.-

Unha vez efectuado o ingreso do importe correspondente ao alleamento dunha parcela do patrimonio municipal do solo do Concello de Redondela, sita na rúa dos Eidos, a Alcaldía ordeará a tramitación do correspondente expediente administrativo de modificación de crédito do orzamento do Concello de Redondela, mediante xeración de crédito por importe de 34.420,00 euros para as tres finalidades indicadas no apartado anterior.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou aprobar, nos seus propios término, a proposta trascrita.

Pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as nove horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 45 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1483528 ata a volta do folio núm. 46 Serie A nº 1483529, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL